

2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. Esta proba consiste nun cuestionario eliminatorio de supostos prácticos da parte específica do programa, de 100 preguntas tipo test con 10 de reserva (as 10 últimas, da E101 á E110), que deberán ser contestadas entre os números **E1** e **E110**, no corpo principal da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

EXAME EN GALEGO

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Respecto ao paciente neutropénico, sinala a INCORRECTA:

- A) A incidencia da infección fúnxica invasora varía segundo o tipo de transplante de células nai hematopoéticas, xa sexa autólogo (incidencia do 7–12%) ou alogénico (incidencia do 1%).
- B) As especies de *Candida non albicans* son, en conxunto, máis frecuentes que *Candida albicans*.
- C) En xeral, as equinocandinas parecen máis activas contra a maioría de illamentos de *Candida spp.*
- D) Nos últimos anos describiuse o xurdimento global de especies multirresistentes como *Candida auris*.

2. O tratamento recomendado para *Enterobius vermicularis* é:

- A) Albendazol.
- B) Melarsoprol.
- C) Praziquantel.
- D) Atovacuna.

3. Sinala que especie das citadas NON pertence ao grupo das *Pseudomonas* fluorescentes:

- A) *Pseudomonas fluorescens*.
- B) *Pseudomonas stutzeri*.
- C) *Pseudomonas aeruginosa*.
- D) *Pseudomonas putida*.

4. Sinala a opción FALSA en relación á detección do Antíxeno Criptocócico:

- A) En pacientes con SIDA presenta unha sensibilidade moi elevada tanto en soro como en LCR.
- B) Está incluído pola EORTC/MSG como criterio diagnóstico de criptococose.
- C) Pode dar falsos positivos en infección por *Geotrichum beigelii*.
- D) Pode detectar as especies do complexo *Cryptococcus neoformans*, pero non as especies do Complexo *Cryptococcus gattii*.

5. Entre as mostras adecuadas para o diagnóstico de osteomielite atópanse as seguintes EXCEPTO unha, cal?

- A) Hemocultivos.
- B) Biopsia ósea.
- C) Exudado superficial da úlcera necrótica.
- D) Mostra obtida por punción de absceso pechado.

6. En *Neisseria gonorrhoeae*, é certo que:

- A) É oxidasa positiva e catalasa negativa.
- B) Segundo EUCAST o diámetro do halo de inhibición para considerar unha cepa sensible a penicilina é maior ou igual a 28mm.
- C) Pode causar a síndrome de Fitz–Hugh–Curtis.
- D) As mostras vexinais son idóneas en mulleres asintomáticas.

7. Cal das seguintes características do Virus do Papiloma Humano (VPH) é INCORRECTA?

- A) E un virus DNA sen envolta.
- B) Os coilocitos son característicos da infección por VPH.
- C) Os xenes L1 e L2 son oncoxénicos.
- D) A vacina induce inmunidade contra a proteína L1.

8. Sinale a forma na que Trypanosoma cruzi se atopa no músculo estriado dunha persoa infectada:

- A) Promastigote.
- B) Epimastigote.
- C) Tripomastigote.
- D) Amastigote.

9. En 2016, a Axencia Española de Medicamentos e Productos sanitarios (AEMPS) revisou as condicións de uso da Nitrofurantoína. Indique a FALSA:

- A) Pode utilizarse no tratamento das cistites agudas.
- B) Non está indicado o seu uso no tratamento de ITU en varóns.
- C) Non está indicado o seu uso en ITU de vías altas.
- D) Pode utilizarse en tratamentos prolongados superiores a 7 días.

10. A afectación típica da Enfermidade de Pott é:

- A) Espondilodiscite vertebral.
- B) Artrite séptica do ombreiro.
- C) Osteomielite do nocello.
- D) Artrite séptica do cóbado.

11. Que mostra NON é adecuada para o diagnóstico de ITS?

- A) Exudado de úlcera xenital en Amies–Stuart.
- B) Ouriños por micción espontánea.
- C) Seme en contedor estéril.
- D) Exudado anal–rectal.

12. Sinale a resposta INCORRECTA respecto a Pseudomonas aeruginosa:

- A) A produción excesiva de alginato dá lugar á formación de colonias de fenotipo mucoide.
- B) En fibrose quística e outras infeccións crónicas pulmonares adoitan observarse colonias de fenotipo mucoide.
- C) O alginato é un polisacárido intracelular que non posúe actividade antifagocítica.
- D) O alginato resiste a destrución por opsonización.

13. O exame de esputo inducido é unha ferramenta diagnóstica útil no estudo de pneumonía por:

- A) Arcanobacterium haemolyticum.
- B) Haemophilus influenzae.
- C) Pneumocystis jirovecii.
- D) Streptococcus pneumoniae.

14. Segundo o Estudo de Prevalencia das Infeccións Nosocomiais en España (EPINE 2022), a segunda causa de infección relacionada coa asistencia sanitaria (IRAS) é:

- A) Infección cirúrxica.
- B) Infección respiratoria.
- C) Infección urinaria.
- D) Bacteriemia.

15. A tiña negra é unha micose superficial causada por:

- A) *Piedraia hortae*.
- B) *Cutaneotrichosporon cutaneum*.
- C) *Hortaea werneckii*.
- D) *Geotrichum beigelii*.

16. Dentro das características de *Campylobacter* spp NON se atopa:

- A) As especies de *Campylobacter* crecen de forma óptima nunha atmosfera cun 5–10 % de osíxeno.
- B) As especies de *Campylobacter* coñecidas adoitan crecer a 37 °C.
- C) *Campylobacter jejuni* non é capaz de crecer a temperaturas de incubación de 42 °C.
- D) Dentro das especies de *Campylobacter*, *Campylobacter jejuni* é o patóxeno entérico detectado con máis frecuencia no ser humano.

17. No noso medio, sinale cal é a causa máis frecuente de infección fúnxica do sistema nervioso central, en poboación sen derivación de líquido cefalorraquídeo:

- A) *Candida albicans*.
- B) *Aspergillus fumigatus*.
- C) *Candida glabrata*.
- D) *Cryptococcus neoformans*.

18. A prevalencia da infección urinaria na poboación pediátrica é variable segundo a idade e o sexo. Indique a FALSA:

- A) Durante o primeiro ano de vida é máis frecuente en mulleres.
- B) Na idade escolar é máis frecuente en mulleres.
- C) Na idade preescolar é máis frecuente en mulleres.
- D) Durante o primeiro ano de vida é máis frecuente en varóns.

19. Cantos serotipos existen do virus do sarampelo?

- A) 1.
- B) 2.
- C) 3.
- D) 4.

20. Sinale a opción FALSA respecto aos mucorais:

- A) Son anxioinvasivos, invaden as paredes dos vasos sanguíneos.
- B) (1-3) B-D glucano non é útil para o seu diagnóstico.
- C) A diabetes é o primeiro factor de risco da infección por mucorais.
- D) *Apophysomyces elegans* caracterízase por presentar esporanxioforos non ramificados con rizoides escuros e un típico esporanxio con forma de matraz multiesporado.

21. Sinale a asociación INCORRECTA:

- A) Virus Hepatite A: ARN.
- B) Virus Hepatite B: ADN.
- C) Virus Hepatite C: ARN.
- D) Virus Hepatite D: ADN.

22. Chámanlle de cirurxía pediátrica por sospeita de linfadenite cervical tuberculosa nun neno de 5 anos. Vostede informou o estudo de Auramina +++, nunha mostra de dita adenopatía. Pregúntanlle se con iso podería asegurar que é unha afectación por *Mycobacterium tuberculosis*. Sinale a opción CORRECTA:

- A) Con toda seguridade é unha tuberculose ganglionar.
- B) Realizaría un estudo de bioloxía molecular para detectar *Mycobacterium tuberculosis* para poder achegar máis información.
- C) A linfadenite cervical localizada en nenos é unha entidade patolóxica NON producida por micobacterias-non-tuberculosas.
- D) Para o diagnóstico definitivo non é necesario o cultivo.

23. En pacientes infectados co VIH-1 e HLA-B*5701 positivos, deberíase evitar o tratamento con:

- A) Abacavir
- B) Tenofovir
- C) Dolutegravir
- D) Lamivudina

24. Con respecto á Hepatite E, é FALSO:

- A) Os anticorpos anti-VHE IgM poden durar 4-5 meses.
- B) O virus trasmítese por vía fecal-oral, aínda que está descrita a transmisión por transfusión contaminada.
- C) A presenza do ARN en sangue ou outros fluídos despois de 3 meses indicaría infección crónica.
- D) Existen 4 xenotipos do virus, pero só o 3 e 4 afectan a humanos.

25. No diagnóstico microbiolóxico da sepse, sinale a FALSA:

- A) Débese realizar extracción de hemocultivos antes de iniciar o tratamento antibiótico.
- B) Se o paciente é portador de un catéter venoso de máis de 48h, realizar hemocultivos de cada unha das luces e unha vea periférica.
- C) Os hemocultivos son positivos nun 70% dos casos.
- D) Recoméndase realizar frotis farínxeo/nasal e rectal para detectar colonización por xérmenes con factores de resistencia.

26. Un home de 71 anos ingresa con sospeita de endocardite infecciosa. Nos hemocultivos extraídos en urxencias crece un *Enterococcus faecalis* sensible a Ampicilina e con resistencia de alto nivel a Xentamicina e Streptomicina. Cal é a combinación de tratamento máis efectiva?
- A) Ampicilina máis Vancomicina.
 - B) Ampicilina máis Ceftriaxona.
 - C) Ampicilina máis Linezolid.
 - D) Ampicilina máis Daptomicina.
27. Acerca de *Shigella* spp., cal é INCORRECTA?
- A) *S. sonnei* é responsable da maioría de infeccións en países desenvolvidos.
 - B) *S. sonnei* clasifícase como Grupo A.
 - C) Non fermentan glicosa.
 - D) As catro especies de *Shigella* e *E. coli* forman unha soa especie en función de estudos de hibridación de ADN.
28. Ante unha proba de Western-Blot indeterminado para VIH-1, cal das seguintes NON sería correcta:
- A) Descartar infección por outros retrovirus.
 - B) Descartar infección precoz solicitando nova mostra.
 - C) Realizar detección de carga viral.
 - D) Informar a proba como posible falso positivo e non facer nada máis.
29. Sinale o axente causal da melioidose:
- A) *Pseudomonas aeruginosa*.
 - B) *Haemophilus influenzae*.
 - C) *Rhodococcus equi*.
 - D) *Burkholderia pseudomallei*.
30. NON é unha manifestación clínica grave da varicela ou o herpes zóster:
- A) Neumonite.
 - B) Herpes zóster oftálmico.
 - C) Encefalite
 - D) Osteomielite.
31. No tratamento antirretroviral (TAR) inicial:
- A) Debe iniciarse só en pacientes sintomáticos.
 - B) Hai que esperar sempre ao estudio de resistencias basal para iniciar o tratamento.
 - C) O TAR debe iniciarse independentemente da cifra de linfocitos CD4.
 - D) Non é necesario realizar estudio da carga viral plasmática previo ao tratamento.
32. Cal é INCORRECTA respecto a *Clostridium difficile*:
- A) Os xenes que codifican para as toxinas A e B (*tcdA* e *tcdB*) atópanse no locus de patoxenicidade PaLoc.
 - B) A capacidade de producir toxina binaria xoga un papel imprescindible na súa virulencia.
 - C) Non debe solicitarse o estudo de *C. difficile* en pacientes que non presenten síntomas.
 - D) Ao redor do 80% de nenos menores de 1 ano adoitan ser portadores.

33. Sinale a opción INCORRECTA respecto á recollida, transporte e conservación de mostras no Laboratorio de Microbioloxía:

- A) De forma xeral, para estudos de microbioloxía molecular, virus ou micobacterias, refrixerar as mostras (2–8 °C).
- B) Conservar a temperatura ambiente as mostras de líquido cefalorraquídeo para cultivo microbiolóxico.
- C) Refrixerar as mostras de líquido articular con sospeita de artrite gonocócica, para aumentar a probabilidade de recuperar o microorganismo en cultivo.
- D) As mostras de urina deben refrixerarse (2–8 °C) para o seu transporte, sobre todo, se este vai demorar horas.

34. Segundo a última GUIA dispoñible (2017) do EUCAST para a detección de Mecanismos de Resistencia, para a confirmación fenotípica de BLEE nas Enterobacterias con AmpC cromosómico inducible, débese utilizar:

- A) Ceftazidima +/- ácido clavulánico.
- B) Cefepime +/- ácido clavulánico.
- C) Cefotaxima +/- ácido clavulánico.
- D) Cefotetán +/- cloxacilina.

35. A enfermidade de Castleman multicéntrica é un trastorno pouco frecuente que pode aparecer en certos doentes, como aqueles sometidos a transplante. Cal é o axente causal?

- A) Poliomavirus BK
- B) Poliomavirus JC
- C) Poliomavirus de células de Merkel
- D) Virus del herpes humano tipo 8

36. Cal é a INCORRECTA nun doante potencial con encefalite:

- A) Documentouse a transmisión de encefalite viral por rabia do doante ao receptor con desenlace fatal.
- B) Documentouse a transmisión de encefalite viral por coriomeninxite linfocitaria do doante ao receptor con desenlace fatal.
- C) Documentouse a transmisión de encefalite viral por virus do Nilo Occidental do doante ao receptor con desenlace fatal.
- D) Os órganos de doantes con encefalite por virus do herpes simple serán rexeitados sempre.

37. O diagnóstico microbiolóxico das infeccións de feridas crónicas, expón moitos retos, entre o que está o concepto de colonización, sinale a opción CORRECTA sobre o mesmo:

- A) A actitude requirida na colonización é de limpeza e desbridamento e irrigacións con diferentes solucións para diminuír a carga bacteriana.
- B) A colonización da ferida presenta microorganismos multiplicándose e ten unha gran repercusión clínica sistémica no paciente.
- C) Na colonización prodúcese invasión bacteriana da ferida con deterioración tisular franco.
- D) A colonización da ferida por Staphylococcus epidermidis require ingreso hospitalario e tratamento antibiótico intravenoso.

38. Cal é a primeira causa de úlceras xenitais?

- A) Chlamydia trachomatis L1, L2 e L3.
- B) Treponema pallidum.
- C) Haemophilus ducreyi.
- D) Herpes Virus I e II.

39. Indique a resposta INCORRECTA sobre os antivirais fronte a herpesvirus:

- A) Aciclovir actúa fronte a timidina cinasa de Virus Herpes Simple (VHS) e Virus Varicela Zóster (VVZ).
- B) Valaciclovir, un éster valilo de aciclovir, aumenta a biodisponibilidade de aciclovir, sendo VVZ máis sensible a este composto.
- C) Famciclovir é un derivado profármaco de penciclovir, que tamén ten actividade fronte a VEB e CMV.
- D) Ganciclovir inhibe as polimerasas víricas dos herpes virus, con actividade tamén fronte a CMV.

40. Cal é INCORRECTA sobre Legionella pneumophila:

- A) É aerobio obrigado.
- B) Para crecer necesita medios de cultivo enriquecidos con L-cisteína.
- C) As infeccións asintomáticas son pouco frecuentes.
- D) Os inmunoanálise utilízanse para detectar antíxenos LPS específicos do serogrupo 1 excretados en ouriños dos pacientes infectados.

41. Respecto a Streptococcus agalactiae, sinala a INCORRECTA:

- A) É a única especie que ten o antíxeno do grupo B.
- B) Algunhas cepas non son hemolíticas.
- C) O seu factor de virulencia máis importante é a cápsula de polisacáridos.
- D) Na enfermidade neonatal de comezo tardío, a manifestación predominante é a pneumonía.

42. Respecto ao diagnóstico da colonización por Helicobacter pylori sinala a CORRECTA:

- A) A detección de antíxenos de Helicobacter pylori en feces é de moi pouca axuda e non adoita realizarse.
- B) As probas da urea no alento son de pouco valor á hora de valorar a resposta ao tratamento.
- C) Os estudos serolóxicos estandarizáronse para nenos e por tanto a interpretación dos resultados en adultos require precaución.
- D) A endoscopia con biopsia e cultivo permite o estudo de sensibilidade antibiótica.

43. Das seguintes afirmacións respecto ao Campylobacter spp sinala a opción INCORRECTA:

- A) Os medios de cultivo que conteñen cefalotina inhiben o crecemento de Campylobacter fetus.
- B) Son bacilos gram negativos inmóbiles.
- C) A campilobacteriosis é unha zoonose descrita en todo o mundo.
- D) Campylobacter fetus subsp fetus, con frecuencia, produce manifestacións sistémicas.

44. Sinala o microorganismo responsable da Enfermidade de Pontiac:

- A) Mycoplasma pneumoniae.
- B) Histoplasma capsulatum.
- C) Chlamydia psittaci.
- D) Legionella pneumophila.

45. O xene pol de VIH-1 codifica os seguintes produtos EXCEPTO un:

- A) Integrasa (p32).
- B) Matriz (p17).
- C) Transcriptasa inversa (p66 e p51).
- D) Proteasa (p10).

46. Sinale a opción CORRECTA sobre o ectima gangrenoso:

- A) É unha manifestación característica da bacteriemia por *Pseudomonas aeruginosa*.
- B) Adóitase dar cunha incidencia moi alta en pacientes inmunocompetentes, e moito menor en inmunodeprimidos.
- C) O único axente causal descrito é a *Pseudomonas fluorescens*.
- D) Pode presentarse por todo o corpo, pero as localizacións máis frecuentes son a cara e a boca.

47. Cal das seguintes especies de *Rickettsia* non se transmite a través de carrachos:

- A) *Rickettsia rickettsii*.
- B) *Rickettsia conorii*.
- C) *Rickettsia felis*.
- D) *Rickettsia sibirica*.

48. Cal destas afirmacións sobre *Cryptococcus neoformans* é FALSA:

- A) É resistente a equinocandinas.
- B) É urea positivo e fenol oxidasa positivo.
- C) O tratamento antifúnxico da meninxite/infección diseminada divídese en tres fases: indución, consolidación e mantemento.
- D) O agar bird seed non é un medio selectivo e diferencial para o illamento de *C. neoformans*.

49. Presenta a cabeza conidial biseriada:

- A) *Aspergillus vesicolor*.
- B) *Aspergillus fumigatus*.
- C) *Aspergillus clavatus*.
- D) *Aspergillus lentulus*.

50. En relación co procesamento de mostras con sospeita de fungos, cal destas afirmacións é CORRECTA:

- A) Nas lesións de pel a mostra non debe de tomarse da parte periférica da lesión, debe de tomarse do centro.
- B) Si existe sospeita de dermatofitos recoméndase conservar a mostra en refrixeración ata o seu procesamento.
- C) Os tecidos deben de ser partidos e inoculados en pequenos trozos no medio de cultivo, excepto no caso de *Histoplasma*, no que hai que macerar e homoxenizar o tecido antes da sembra.
- D) Pódense usar medios con ciclohexamida se se sospeita de *Neoscytalidium dimidiatum*.

51. Non forma parte da morfoloxía dun *Aspergillus* spp.:

- A) Métulas.
- B) Células de Hulle.
- C) Fiálides.
- D) Columela.

52. Cal é a resposta correcta no referente a Staphylococcus aureus?

- A) Na actualidade menos do 10% das cepas son sensibles a penicilina.
- B) As cepas resistentes a meticilina son sensibles a monobactámicos.
- C) Segundo EUCAST o valor de CMI para considerar unha cepa de S. aureus sensible a vancomicina é de 4 mg/L.
- D) Segundo EUCAST o valor de CMI para considerar unha cepa de S. aureus sensible a ceftarolina é de 2 mg/L.

53. Para o seu crecemento NON require o factor V (NAD):

- A) Haemophilus influenzae.
- B) Haemophilus parainfluenzae.
- C) Haemophilus haemolyticus.
- D) Haemophilus ducreyi.

54. Mutacións en xene katG e inhA de Mycobacterium tuberculosis indican resistencia a:

- A) Isoniacida.
- B) Rifampicina.
- C) Quinolonas.
- D) Etambutol.

55. Sinale o microorganismo causal do chamado "granuloma das piscinas":

- A) Arcanobacterium haemolyticum.
- B) Staphylococcus aureus.
- C) Streptococcus pyogenes.
- D) Mycobacterium marinum.

56. NON presenta mobilidade:

- A) Edwardsiella tarda.
- B) Citrobacter freundii.
- C) Klebsiella oxytoca.
- D) Serratia marcescens.

57. Na pneumonía por aspiración, sinale a INCORRECTA:

- A) En ocasións, pode evolucionar cara á necrose e o absceso pulmonar.
- B) A etiloxía é, na gran maioría de casos, monomicrobiana.
- C) Para o diagnóstico microbiolóxico, a mostra de esputo é de pouca ou ningunha utilidade.
- D) O diagnóstico clínico de certeza é difícil.

58. Dentro das complicacións asociadas coa implantación dunha prótese articular sinale a opción CORRECTA:

- A) A infección é unha complicación banal e de sinxelo tratamento.
- B) A diferenciación entre mobilización aséptica da prótese e infección é difícil.
- C) O diagnóstico clínico da infección protésica articular é moi fácil xa que ten manifestacións clínicas moi específicas.
- D) A infección da prótese articular precoz, segundo a clasificación de Tsukayama, é cando os primeiros síntomas da infección aparecen aos 6 meses da cirurxía.

59. Sinale a FALSA en relación a Chlamydia trachomatis:

- A) Produce tracoma, que é a causa principal de cegueira evitable.
- B) O Linfogranuloma venéreo asóciase ás serovariedades L1, L2, L2a, L2b e L3.
- C) Na síndrome de Reiter pódese illar Chlamydia trachomatis do líquido sinovial das articulacións afectadas.
- D) En recién nados expostos a Chlamydia trachomatis no parto pódese producir unha neumonía intersticial.

60. A leishmaniase transmítese por adultos femias do xénero:

- A) Aedes.
- B) Lutzomyia.
- C) Anopheles.
- D) Culex.

61. Cal das seguintes Enzimas Modificadoras de Aminoglucósidos confire tamén resistencia a norfloxacino/ciprofloxacino:

- A) AAC(3).
- B) APH(2").
- C) AAC(6´)-Ib-cr.
- D) ANT(4).

62. En relación a Cyclospora cayetanensis, é FALSO que:

- A) É un coccidio.
- B) Os seus ovoquistes excretáanse de forma non esporulada e precisan un período de tempo no exterior do hospedador para que se produza a maduración.
- C) Os seus ovoquistes son esféricos a ovais.
- D) Son sensibles á cloración da auga para consumo.

63. Respecto á etioloxía das complicacións infecciosas de pacientes con neutropenia febril, segundo a SEIMC e a Sociedade Española de Hematoloxía e Hemoterapia, cal destes é o bacilo gramnegativo máis frecuente?

- A) Pseudomonas aeruginosa.
- B) Klebsiella spp.
- C) Acinetobacter spp.
- D) Stenotrophomonas maltophilia.

64. É de elección para o tratamento de Giardia duodenalis:

- A) Metronidazol.
- B) Albendazol.
- C) Mebendazol.
- D) Benznidazol.

65. Nas seguintes especies de bacterias podemos atopar AmpC cromosómicos, EXCEPTO en:

- A) Escherichia coli.
- B) Enterobacter cloacae.
- C) Klebsiella pneumoniae.
- D) Serratia marcescens.

66. Respecto a *Aeromonas* spp.:

- A) *A. hydrophila* é sensible a ampicilina.
- B) Todas as especies patóxenas humanas son mesófilas.
- C) A maioría de especies patóxenas humanas son inmóbiles.
- D) As especies deste xénero non adoitan atoparse en auga doce.

67. Cal é a alteración extrasalival máis frecuente producida polo virus da parotidite?

- A) Miosite.
- B) Afectación do sistema nervioso central.
- C) Artrite.
- D) Uretrite.

68. Con respecto a illamento do Xénero *Leptospira*. Sinale a opción CORRECTA:

- A) Íllase en LCR, Sangue ou Líquido Peritoneal a partir da primeira semana da infección.
- B) Íllase en ouriños durante a primeira semana da infección.
- C) Cultívase no medio Fletcher en microaerobiosis.
- D) A miúdo presenta un crecemento característico coñecido como anel de Dinger.

69. Cal das seguintes asociacións é INCORRECTA?

- A) Condilomas acuminados : Virus do Papiloma Humano xenotipos 6 e 11
- B) Verrugas cutáneas: Virus Papiloma Humano xenotipos 1 a 4.
- C) Adenocarcinoma de cérvix: Virus Papiloma Humano xenotipo 16
- D) Papilomatosis respiratoria recorrente: Virus Papiloma Humano xenotipos 6 e 11

70. O axente causal implicado na maior parte dos casos de síndrome de Lemierre é:

- A) *Bacteroides fragilis*.
- B) *Bacteroides thetaiotaomicron*.
- C) *Fusobacterium necrophorum*.
- D) *Cutibacterium acnes*.

71. Cal é a resposta correcta con respecto a *Vibrio* spp.:

- A) *V. parahaemolyticus* non adoita producir gastroenterite, adoita asociarse a infeccións de oído externo e feridas superficiais.
- B) *V. alginolyticus* asóciase a gastroenterite aguda tras consumo de peixes de auga doce contaminados.
- C) *V. vulnificus* é particularmente virulento, cunha alta taxa de mortalidade.
- D) O antixeno flaxelar (H) é a base do esquema de serotipificación de *V. cholerae*.

72. O axente causal mais frecuente de endocardite en usuarios de droga por vía parenteral é:

- A) *Staphylococcus coagulasa* negativos.
- B) *Enterococcus*.
- C) *Staphylococcus aureus*.
- D) *Streptococcus* grupo viridans.

73. Sinale o axente causal da leucoencefalopatía multifocal progresiva:

- A) Poliomavirus JC.
- B) Virus herpes simple.
- C) Enterovirus.
- D) Citomegalovirus.

74. Cal é o principal vector transmisor do axente etiolóxico da Febre das Trincheiras?

- A) Pulga.
- B) Humano.
- C) Piollo.
- D) Gato.

75. É un cestodo:

- A) Schistosoma mansoni.
- B) Echinococcus granulosus.
- C) Paragonimus westermani.
- D) Ancylostoma duodenale.

76. Nas gastroenterites de orixe vírico, sinale a VERDADEIRA

- A) A incidencia de gastroenterite por Rotavirus adoita concentrarse no verán.
- B) As feces líquidas non adoitan presentar sangue, leucocitos nin moco.
- C) É pouco frecuente a presentación de vómitos.
- D) A primeira causa en España son os Adenovirus entéricos.

77. A Enfermidade de Brill–Zinsser é causada por:

- A) Rickettsia typhi.
- B) Rickettsia prowazekii.
- C) Orientia tsutsugamushi.
- D) Rickettsia akari.

78. Sinale a afirmación CORRECTA respecto ao virus parainfluenza:

- A) Son virus ARN bicatenarios.
- B) Pertencen á familia Picornaviridae.
- C) Hai catro serotipos maiores nos seres humanos.
- D) O virus parainfluenza 1 e o virus parainfluenza 3 son membros do xénero Rubulavirus.

79. Respecto ao Herpes xenital é FALSO que:

- A) A recorrencia do Herpes tipo 1 xenital tras o primeiro episodio é do 55% no primeiro ano, mentres que no Herpes tipo 2 recorre nun 90% no primeiro ano.
- B) Pode estar asociado a febre, cefalea e mialxias na primoinfección.
- C) As complicacións son máis frecuentes en homes que en mulleres.
- D) A meninxite viral asóciase con máis frecuencia ao Herpes tipo 2.

80. Cal dos seguintes antivirais NON é un inhibidor da polimerasa viral?

- A) Aciclovir
- B) Telaprevir
- C) Tenofovir
- D) Ribavirina

81. Respecto ao Virus da Hepatite Delta (VHD), sinale a correcta:

- A) O virus pode infectar antes, despois ou simultaneamente co Virus da Hepatite B.
- B) O ARN do VHD é o marcador de infección activa, tanto na infección aguda como na crónica.
- C) O anticorpo anti VHD IgM aparece inmediatamente tras a infección.
- D) Aínda que a infección se faga crónica nunca aparecen anticorpos anti-VHD IgG.

82. Considérase un axente de bioterrorismo de categoría C:

- A) Bacillus anthracis.
- B) Yersinia pestis.
- C) Chlamydia psittaci.
- D) Virus Nipah.

83. Respecto a Giardia duodenalis, cal é correcta?

- A) É un coccidio.
- B) A forma infecciosa é o trofozoito.
- C) O trofozoito ten unha lonxitude de 45–50 micrómetros.
- D) O trofozoito posúe unha prominente ventosa ventral en forma de disco.

84. A orixe máis frecuente da sepse/shock séptico é:

- A) Foco abdominal.
- B) Foco respiratorio.
- C) Foco urinario.
- D) Infección de pel e tecidos brandos.

85. Sinale cal destas é unha manifestación tardía da Enfermidade de Lyme:

- A) Síndrome Bannwarth.
- B) Eritema migratorio.
- C) Linfocitoma borrelial.
- D) Acrodermatite crónica atrófica.

86. Respecto á otite externa invasiva, sinale a afirmación CORRECTA:

- A) Pode aparecer coa mesma frecuencia en individuos inmunocompetentes e inmunodeprimidos.
- B) É unha infección leve, que non require tratamento sistémico.
- C) O microorganismo implicado adoita ser Pseudomonas aeruginosa.
- D) Clinicamente caracterízase por afectación do epitelio superficial do conduto auditivo externo, sen invasión dos tecidos adxacentes.

87. Indique cal é verdadeira no test de curación nas infeccións de transmisión sexual:

- A) Na sífilis, o test de curación é a negativización de anticorpos treponémicos.
- B) En *Neisseria gonorrhoeae* non se recomenda realizar test de curación.
- C) En *Chlamydia trachomatis* recoméndase de rutina, ás dúas semanas do tratamento.
- D) En *Mycoplasma genitalium* está indicado ás tres semanas da finalización do tratamento.

88. Respecto ao virus da rubéola, cal é INCORRECTA?

- A) É un virus de ARN bicatenario.
- B) Provoca anomalías conxénitas graves.
- C) Tamén se lle coñece como sarampelo alemán.
- D) É un Togavirus.

89. Sinale a VERDADEIRA en relación á Sífilis:

- A) As probas treponémicas úsanse para control da evolución da enfermidade.
- B) As probas treponémicas negativizan na maioría dos pacientes despois do tratamento.
- C) O RPR pode aumentar o seu título tras unha reinfección.
- D) En alérxicos á penicilina recoméndase tratamento con azitromicina.

90. Sobre *Moraxella catarrhalis*, sinale a resposta correcta:

- A) É butirato esterasa negativa.
- B) BRO-1 é a beta-lactamasa máis frecuente.
- C) TEM-1 é a beta-lactamasa máis frecuente.
- D) Crece en agar MacConkey.

91. Das seguintes afirmacións en relación a *Trichophyton mentagrophytes* complex, cal é FALSA:

- A) Presenta invasión do pelo *Ectothrix*.
- B) En base ao tipo de hospedador preferente e hábitat natural é un fungo xeofílico.
- C) O test de perforación de pelo in vitro é positivo.
- D) A 37°C, membros de *T. mentagrophytes* complex demostran bo crecemento.

92. Sinale a opción VERDADEIRA en relación ás Equinocandinas:

- A) A concentración mínima efectiva (CME) utilízase para definir a actividade das equinocandinas sobre os fungos filamentosos.
- B) Inhiben a enzima Lanosterol 14 alpha demetilasa, bloqueando a síntese de ergosterol.
- C) Debido á súa alta biodisponibilidade oral e baixo peso molecular, só son de uso intraveoso.
- D) Actividade funxistática fronte a *Candida* spp.

93. De maneira xeral, son criterios de rexeitamento dunha mostra no Laboratorio de Microbioloxía os seguintes EXCEPTO:

- A) Hemocultivos conservados a temperatura ambiente.
- B) Mostras non identificadas.
- C) Mostras abertas ou derramadas.
- D) Exudado endocervical en contedor con formol.

94. A etiología máis frecuente do crup na infancia é:

- A) *Corynebacterium diphtheriae*.
- B) *Mycoplasma pneumoniae*.
- C) *Haemophilus influenzae*.
- D) Virus parainfluenza.

95. En pacientes portadores de Hepatite B crónica, con HBeAx negativo, sinale a correcta:

- A) Sempre teñen niveis de ADN indetectables.
- B) Non teñen enfermidade activa.
- C) Teñen sempre coinfección co Virus Delta.
- D) Algúns pacientes teñen unha variante do virus que non produce HBeAx debido a unha mutación precorre.

96. Cal destas enzimas utilizan os medios cromoxénicos específicos de ITU para diferenciar aos xéneros *Klebsiella*, *Enterobacter*, *Serratia* e *Enterococcus*:

- A) Beta glucuronidasa.
- B) Triptófano desaminasa.
- C) Beta glucosidasa.
- D) Beta galactosidasa.

97. Sinale a FALSA en relación a Norovirus:

- A) O seu período de incubación é de 6–8 días.
- B) Afecta a nenos e adultos, con brotes en institucións pechadas.
- C) A súa dose infectiva é baixa.
- D) Pertence ao xénero Calicivirus.

98. Sinale a opción CORRECTA en relación a *Bartonella bacilliformis*:

- A) Para o seu illamento requírese unha T^a de incubación de 35–37°C máis 5% CO₂.
- B) A Enfermidade de Carrión inclúe unha fase aguda (Verruga peruviana) e unha fase crónica (Febre de Oroya).
- C) O principal reservorio son os humanos e os vectores son moscas do xénero *Lutzomyia*.
- D) Presenta unha distribución mundial.

99. Para a determinación mediante microdilución en caldo da sensibilidade a antifúnxicos en levaduras, débese usar segundo EUCAST:

- A) Medio RPMI 1640 con L–glutamina.
- B) Medio RPMI 1640 con L–glutamina + 2% glicosa.
- C) Muller Hinton + 2% glicosa + azul de metileno.
- D) Muller Hinton + 2% glicosa.

100. Para poder usar un antibiótico como tratamento empírico nunha cistite, a súa taxa de resistencia debe de ser:

- A) Inferior ao 40%.
- B) Entre 20–30%.
- C) Inferior ao 20%.
- D) Da igual a taxa de resistencia, pódese usar calquera antibiótico no tratamento empírico.

1. Sobre o diagnóstico da Aspergilosis Invasiva (AI). Sinale a opción CORRECTA:

- A) Recoméndase a determinación do Galactomanano, en lavado broncoalveolar, en pacientes neutropénicos e hematolóxicos sen profilaxe.
- B) No transplante do órgano sólido o Galactomanano, en lavado broncoalveolar, presenta menor sensibilidade que no soro.
- C) Para o tratamento primario da AI en pacientes hematolóxicos, o tratamento de elección é o Voriconazol ou o Isavuconazol.
- D) Segundo a EORTC/MSG considérase unha Aspergilosis invasiva probable, a presenza de Aspergillus no cultivo dun tecido estéril/sangue ou un estudo histolóxico que demostre invasión fúnxica.

2. Sinale a FALSA respecto a Rotavirus:

- A) A gastroenterite é máis frecuente por Rotavirus B que por Rotavirus A.
- B) É a causa máis frecuente de gastroenterite aguda vírica en nenos, podendo producir cadros graves de deshidratación e mesmo a morte.
- C) Presenta maior incidencia no outono e inverno en países de climas temperados.
- D) Existen dúas vacinas de virus atenuados que se administran por vía oral.

3. Tanto a Organización Nacional de Transplantes como a SEIMC, recomendan respecto ao HTLV o seguinte:

- A) En España non se recomenda o seu cribado universal en doantes.
- B) En caso de doante seropositivo e receptor seropositivo por HTLV-1, valorar aceptar o órgano tendo en conta os potenciais menores riscos de desenvolvemento da enfermidade asociada nos xa infectados.
- C) No caso de doante seropositivo e receptor seropositivo por HTLV-1 sempre se rexeita o órgano debido aos potenciais maiores riscos de desenvolvemento da enfermidade asociada nos xa infectados.
- D) España é zona de alta endemicidade por HTLV-1.

4. Provoca unhas tumefaccións chamadas edema de Calabar:

- A) Mansonella ozzardi.
- B) Mansonella streptocerca.
- C) Loa loa.
- D) Onchocerca volvulus.

5. O rango de concentracións entre a CMI (Concentración Mínima Inhibitoria) e a CPM (Concentración Preventiva de Mutantes), defínese como:

- A) Concentración Preventiva de Resistencia (CPR).
- B) Ventá de Selección de Mutantes (VSM).
- C) Fracción de Resposta Acumulada (CFR).
- D) Probabilidade de acadar o obxectivo Farmacodinámico (PTA).

6. No 2009 illouse nun Hospital de Tokio, da canle auditiva dunha muller, unha nova especie de candida multirresistente e altamente patóxena que acabou convertíndose nun importante patóxeno nosocomial. Sinale a opción CORRECTA:

- A) Candida kefyr.
- B) Candida auris.
- C) Candida lusitaniae.
- D) Candida haemulonii.

7. Con respecto ao ciclo vital de Chlamydia, sinala a FALSA:

- A) O corpo elemental é a forma replicativa.
- B) O corpo reticulado é intracelular.
- C) O corpo elemental é infeccioso.
- D) O corpo reticulado é maior que o corpo elemental.

8. Para o Diagnóstico Directo de Treponema pallidum subespecie pallidum, indique a FALSA:

- A) A mostra ideal é o exudado seroso de lesións activas.
- B) Para a visualización dos Treponemas utilízase a Microscopía de Campo Escuro.
- C) Son válidas as mostras hemáticas ou mostras de orixe oral ou anal.
- D) A PCR é útil en úlceras xenitais e outras lesións exudativas.

9. Dentro das recomendacións xerais para a toma de mostras do pé diabético sinala o que NON hai que facer:

- A) Limpar con soro fisiolóxico e desbridar a ferida antes de obter a mostra.
- B) Aspirar calquera colección purulenta con xiringa e agullas estériles.
- C) Obter unha mostra para cultivo mediante toma superficial con torunda.
- D) Obter unha mostra de tecido mediante raspado ou biopsia do fondo da úlcera tras desbridala.

10. Na toma de mostras para diagnóstico de endocardite infecciosa NON está recomendado:

- A) Realizar extracción de tres parellas de frascos de hemocultivos en adultos .
- B) Facer seroloxías fronte a Coxiella burnetti, Legionella spp., Brucella spp., Chlamydia spp. y Bartonella spp.
- C) Extracción de hemocultivos sempre no pico febril.
- D) Introducir polo menos 10 ml de sangue en cada frasco.